CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR

**Expediente núm.:** 2708/2022
**Actividade:** Nomeamentos
**Procedemento:** Nomeamentos
**Asunto:** Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Emprego 2023 - 2024
**Convenio:** Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Concello do Pereiro de Aguiar para o financiamento do Programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia no exercicio 2023 (Centro de día)
**Categoría profesional:** Auxiliar de axuda no fogar

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 30/12/2022
HASH: 0673c44afcbcd1ff0db2e7dd2227ceaa

JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)
SECRETARIO - INTERVENTOR
Data de Sinatura: 30/12/2022
HASH: e526107c0907eb68312af9fb22ffb9f2



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### ANTECEDENTES

1. Con data 29.12.2022 preséntase no rexistro electrónico da Xunta de Galicia (núm. de entrada 2022/3203918) a documentación necesaria para a firma do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Concello do Pereiro de Aguiar para o financiamento do Programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia no exercicio 2023.
2. O dito convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización, tendo unha vixencia desde o 01 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023.
3. Para o cumprimento da finalidade prevista na Memoria integral de envellecemento activo e prevención da dependencia no exercicio 2023 é preciso a contratación de dous/as (2) traballadores/as na categoría de "auxiliar de axuda no fogar", en réxime de persoal laboral temporal a tempo completo.
4. A cobertura das devanditas contratacións realizarase pola orde da quenda de reserva establecida pola orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 1034 de data 29.12.2022, ao abeiro da selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2023 – 2024 na referida categoría profesional.
5. O 30.12.2022 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre a adecuación das ditas contratacións laborais á normativa vixente.
6. O 30.12.2022 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre o procedemento seguido para o chamamento dos/as aspirantes que figuran na quenda de reserva establecida pola orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 1034 de data 29.12.2022.
7. A Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 1034 de data 29.12.2022, establece o que copiado literalmente di:

"***Sexto.-*** *A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2023 – 2024:*

Cod. Validación: 4ZDH6ZXL35MW42J6SEEZX5N4N | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

| | APELIDOS E NOME | DNI | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN | ENTREVISTA ESCRITA | PROBA GALEGO | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Iglesias Yáñez, Aurelia María | [redacted]4738[redacted] | 5 | 1,7 | 8,5 | APTO | 15,2 |
| 2 | Domínguez González, Rosa María | [redacted]9724[redacted] | 1 | 1,6 | 12 | EXENTO | 14,6 |
| 3 | Gil Sampedro, Laura | [redacted]6291[redacted] | 5 | 0,7 | 8,8 | APTO | 14,5 |
| 4 | Castro Forján, María Silvia | [redacted]9817[redacted] | 5 | 2,7 | 6,5 | EXENTO | 14,2 |
| 5 | Pérez Formoso, Pilar | [redacted]4772[redacted] | 0,2 | 3 | 10,8 | EXENTO | 14 |
| 6 | Pérez Martínez, Lorena | [redacted]8882[redacted] | 4,1 | 2,3 | 7,5 | EXENTO | 13,9 |
| 7 | Batista Sancha, Isabel | [redacted]8798[redacted] | 4,4 | 1,8 | 7,5 | EXENTO | 13,7 |
| 8 | Fraguas Fernández, Adrián | [redacted]5100[redacted] | 5 | 2,7 | 6 | EXENTO | 13,7 |
| 9 | Álvarez González, Aurora | [redacted]5483[redacted] | 5 | 1,5 | 7 | EXENTO | 13,5 |
| 10 | Estévez Lamas, Marina | [redacted]5927[redacted] | 3,8 | 2,3 | 7 | EXENTO | 13,1 |
| 11 | Pombar Vigara, Sonia | [redacted]5846[redacted] | 3,3 | 3 | 6 | EXENTO | 12,3 |
| 12 | Alves Fernández, Tatiana | [redacted]9743[redacted] | 5 | 0,5 | 6,25 | EXENTO | 11,75 |
| 13 | Rivas Ameal, María Olga | [redacted]5956[redacted] | 5 | 0,7 | 6 | EXENTO | 11,7 |
| 14 | Rodríguez Amoedo, Eva | [redacted]6326[redacted] | 3,4 | 0,6 | 7 | EXENTO | 11 |
| 15 | Fernández Gil, Dolores | [redacted]7008[redacted] | 0 | 1,7 | 9 | EXENTO | 10,7 |
| 16 | Rodríguez Garrido, María Pilar | [redacted]9958[redacted] | 1,2 | 0,5 | 8,5 | EXENTO | 10,2 |
| 17 | Mira Rodríguez, Rosana | [redacted]9607[redacted] | 2,1 | 0 | 8 | EXENTO | 10,1 |
| 18 | Carnero Álvarez, Andrea | [redacted]8223[redacted] | 0 | 1,6 | 8 | EXENTO | 9,6 |
| 19 | Fernández Fernández, Ana Isabel | [redacted]4914[redacted] | 0,6 | 0,9 | 8 | EXENTO | 9,5 |
| 20 | Gómez Rodríguez, Noemí | [redacted]6022[redacted] | 0,1 | 2,1 | 6 | EXENTO | 8,2 |

*Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.*"

Visto os Informes emitidos polo Departamento de Persoal nos que se pon de manifesto a necesidade e urxencia de cubrir dous (2) postos de traballo na categoría de "auxiliar de axuda no fogar" para a obra / servizo subvencionado pola Xunta de Galicia "Programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia no exercicio 2023", mediante o chamamento de aspirantes da bolsa de emprego xurdida ao abeiro da selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2023-2024, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Aceptar a renuncia á contratación para o posto de traballo de "auxiliar de axuda no fogar", presentada polo/a aspirante proposto polo Tribunal Cualificador e que figura segundo a orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 1034 de data 29.12.2022:

1. Aurelia María Iglesias Yáñez, con DNI núm. [redacted]4738[redacted]

**Segundo.-** Proceder á contratación para o posto de traballo de "auxiliar de axuda no fogar", dos/as aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador e que figuran na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 1034 de data 29.12.2022 por orde de puntuación:

- Rosa María Domínguez González, con DNI núm. [redacted]9724[redacted]
- Laura Gil Sampedro, con DNI núm. [redacted]6291[redacted]

**Terceiro.-** Contratar ós/ás anteditos/as aspirantes con data de inicio do contrato o 02 de xaneiro de



RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-1035 Data: 30/12/2022
Cod. Validación: 4ZDH6ZXL35MW42J6SEEZX5N4N | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

2023, indicando que a dita contratación temporal cubrirá exclusivamente o tempo que dure as circunstancias que a motivaron

**Cuarto.-** Formalizar os contratos de traballo con carácter de persoal laboral temporal (grupo V), en réxime de dedicación a tempo completo, atendendo ao disposto no artigo 2 das Bases de selección de persoal laboral e creación dunha Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2023 – 2024, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0931 de data 23.11.2022, e posteriormente publicadas na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar e na súa páxina web con data 24.11.2022. Modalidades de contratación recollidas no Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

**Quinto.-** Os custos salariais e demais condicións da dita contratación serán os que se detallan a continuación:

| Categoría profesional | Aplicación orzamentaria | Nº traballadores | Nº de meses | Retribucións brutas | S.S. Empresa | Custe total | Indemnización por extinción de contrato de traballo | Custe total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Auxiliar de axuda no fogar | 231.131.12. | 2 | 12 | 33.136,08 € | 10.852,07 € | 43.988,15 € | 933,78 € | 44.921,93 € |
| (1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual | | | | | | | | |

Os anteditos custes salariais consideran o incremento retributivo do 2,50 % sobre as retribucións do ano 2022, aprobado pola Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE núm. 308 do sábado 24 de decembro de 2022).

**Sexto.-** A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2023 – 2024:

| | APELIDOS E NOME | DNI | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN | ENTREVISTA ESCRITA | PROBA GALEGO | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Iglesias Yáñez, Aurelia María | [redacted]4738[redacted] | 5 | 1,7 | 8,5 | APTO | 15,2 |
| 2 | Castro Forján, María Silvia | [redacted]9817[redacted] | 5 | 2,7 | 6,5 | EXENTO | 14,2 |
| 3 | Pérez Formoso, Pilar | [redacted]4772[redacted] | 0,2 | 3 | 10,8 | EXENTO | 14 |
| 4 | Pérez Martínez, Lorena | [redacted]8882[redacted] | 4,1 | 2,3 | 7,5 | EXENTO | 13,9 |
| 5 | Batista Sancha, Isabel | [redacted]8798[redacted] | 4,4 | 1,8 | 7,5 | EXENTO | 13,7 |
| 6 | Fraguas Fernández, Adrián | [redacted]5100[redacted] | 5 | 2,7 | 6 | EXENTO | 13,7 |
| 7 | Álvarez González, Aurora | [redacted]5483[redacted] | 5 | 1,5 | 7 | EXENTO | 13,5 |
| 8 | Estévez Lamas, Marina | [redacted]5927[redacted] | 3,8 | 2,3 | 7 | EXENTO | 13,1 |
| 9 | Pombar Vigara, Sonia | [redacted]5846[redacted] | 3,3 | 3 | 6 | EXENTO | 12,3 |
| 10 | Alves Fernández, Tatiana | [redacted]9743[redacted] | 5 | 0,5 | 6,25 | EXENTO | 11,75 |
| 11 | Rivas Ameal, María Olga | [redacted]5956[redacted] | 5 | 0,7 | 6 | EXENTO | 11,7 |
| 12 | Rodríguez Amoedo, Eva | [redacted]6326[redacted] | 3,4 | 0,6 | 7 | EXENTO | 11 |
| 13 | Fernández Gil, Dolores | [redacted]7008[redacted] | 0 | 1,7 | 9 | EXENTO | 10,7 |
| 14 | Rodríguez Garrido, María Pilar | [redacted]9958[redacted] | 1,2 | 0,5 | 8,5 | EXENTO | 10,2 |
| 15 | Mira Rodríguez, Rosana | [redacted]9607[redacted] | 2,1 | 0 | 8 | EXENTO | 10,1 |
| 16 | Carnero Álvarez, Andrea | [redacted]8223[redacted] | 0 | 1,6 | 8 | EXENTO | 9,6 |
| 17 | Fernández Fernández, Ana Isabel | [redacted]4914[redacted] | 0,6 | 0,9 | 8 | EXENTO | 9,5 |
| 18 | Gómez Rodríguez, Noemí | [redacted]6022[redacted] | 0,1 | 2,1 | 6 | EXENTO | 8,2 |



RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-1035 Data: 30/12/2022
Cod. Validación: 4ZDH6ZXL35MW42J6SEEZX5N4N | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

**Sétimo.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

**Oitavo.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Noveno.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

| O Alcalde, | O Secretario – Interventor, |
|---|---|
| Luís Menor Pérez | José Antonio Cerdeira Pérez |

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-1035 Data: 30/12/2022
Cod. Validación: 4ZDH6ZXL35MW42J6SEEZX5N4N | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4